



Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se resolve provisionalmente o concurso de traslados específico, entre funcionarios docentes do corpo de profesores de ensino secundario, para cubrir prazas nos centros específicos de de educación e promoción de adultos.

Pola Orde do 14 de outubro de 2016 se convoca concurso de traslados específico, entre funcionarios docentes do corpo de profesores de ensino secundario, para cubrir prazas nos centros específicos de educación e promoción de adultos.

Procede agora facer pública a adjudicación provisional de destinos obtidos neste concurso de traslados. Na súa virtude esta dirección xeral

DISPÓN

Primeiro. En virtude desta resolución provisional do concurso de traslados, adjudicar destino provisional aos profesores de ensino secundario que figuran na páxina web desta Consellería nos centros que alí se especifican.

Segundo. Publicar a relación de excluídos na páxina web desta Consellería polas causas que se indican.

Teerceiro. Contra esta resolución provisional, segundo o establecido na base décimo sexta da Orde do 14 de outubro de 2016, cabe reclamación no prazo de dez días naturais, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Consellería. O prazo de renuncias será o mesmo que o establecido para reclamacións. Non obstante, serán admitidas as reclamacións e renuncias presentadas con anterioridade.

Cuarto. As reclamacións e renuncias poderanse presentar en calquera das dependenzas a que alude o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, así como no centro de destino sempre que, ademais, se remitan por fax, dentro do prazo establecido, ao servizo de profesorado de educación secundaria, formación profesional e ensinanzas especiais; número de fax 981 545484.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director Xeral de Centros e Recursos Humanos

